

## Convocatoria 2020- Programa do Diploma do **Bacharelato Internacional**

O IES DO CASTRO anuncia a **convocatoria de prazas** para realizar o primeiro ano do Programa do Diploma do **Bacharelato Internacional** tanto na modalidade de Ciencias Sociais como na de Científico-Técnico, durante o curso académico 2020-2021.

Poderán optar a estas prazas todos os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes **requisitos**:

- **ter aprobado en xuño o 4º curso** do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO).

-**ter cursado en ESO as materias do PD** nas que se van matricular e ter conseguido unha nota aceptable nas mesmas.

A **adxudicación de prazas** (\*) terá en conta o expediente do alumnado nos catro cursos da ESO.

O **prazo de solicitude** estará aberto a partir do **martes 26 de maio ata o luns 15 de xuño ás 14:00 horas**. Realizárase mediante un formulario en liña (en caso de non a ter, soliciten a invitación mediante correo e- a [castroibo@gmail.com](mailto:castroibo@gmail.com)) ou completando o [documento en papel/ pdf de solicitude](#). En calquera caso, acompañárase da seguinte documentación, como xa se indica no propio formulario/documento:

### **Alumnado do IES do Castro e doutros centros**

- 1- **Fotocopia/ pdf do DNI ou pasaporte**
- 2- [Compromiso de permanencia/ Reserva de praza do 2º ano](#)
- 3- [Permiso para participar nas actividades CAS](#)

### **Para alumnado doutros centros**

- 4- **Expediente académico de 1º a 3º ESO e**
- 5- **Boletíns de notas da 1ª e 2ª avaliación de 4º ESO**
- 6- [Informe académico](#)

-O alumnado que proceda dun sistema de calificación diferente ao utilizado no sistema educativo español, deberá achegar, xunto coas calificacións, a táboa de equivalencias das mesmas.

-Os documentos 2, 3 e 6 poderán acompañar á solicitude, enviarse en datas posteriores en canto estean dispoñibles ou como máximo no momento de formalizar a matrícula.

A **entrega da documentación** será na Secretaría do IES do Castro (con cita previa solicitada ao teléfono do centro que figura no encabezamento) ou **preferiblemente** mediante envío ao enderezo electrónico [castroibo@gmail.com](mailto:castroibo@gmail.com), tendo esta última modalidade plena validez legal.



A **resolución** da convocatoria será publicada na [sección do Programa do Diploma da páxina web do IES do Castro](#) así como no taboleiro oficial do Centro nos últimos días do mes de xuño. O alumnado admitido recibirá un correo electrónico de confirmación coa información actualizada para a **formalización da matrícula** (momento no que se presentarán os orixinais da documentación remitida).

En todo caso, para **ampliar a información**, pódese consultar o [tríptico informativo](#) ou a [páxina oficial da Organización do Bacharelato Internacional](#) para familias. Ademais, é conveniente que o alumnado interesado, acompañado do seu pai/nai/titor-a asista á **reunión informativa telemática que terá lugar o luns 1 de xuño ás 19:00**. (Para recibir unha invitación coa ligazón para esta reunión, por favor, póñanse en contacto con [castroibo@gmail.com](mailto:castroibo@gmail.com))

Despois da reunión informativa á que asistan, o alumnado deberá realizar un breve **cuestionario de diagnóstico** (30 minutos aproximadamente) en convocatoria por invitación o martes día 2 de xuño ás 10 da mañá.

A formalización da matrícula realizarase na Secretaría do IES do Castro entre os días 1 e 10 de xullo cun sistema de cita previa. **Para formalizar a matrícula** requirirase entregar/ ter entregada a documentación citada anteriormente:

2- Impreso con información da reserva de praza **para o PD do BI para os dous cursos correspondentes**, asinado polo alumnado, así como pai/ nai/ titor legal.

3- Autorización para a **participación nas actividades CAS**.

6 -**Informe académico** positivo da Xunta de Avaliación de 4º ESO ou do titor/a deste curso (en caso de alumnado procedente doutros centros escolares).

Tamén terá que proceder a entregar a outra **documentación ordinaria** para o Bacharelato LOMCE:

- 4 fotos
- certificado do NUSS
- certificación académica dos catro cursos da ESO

(\*) A oferta final de prazas está suxeita ás posibilidades organizativas do Centro en virtude das disposicións da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, polo que **o alumnado admitido non deberá renunciar á praza que teña solicitado polo conduto ordinario** antes de formalizar a matrícula neste Centro.